







Viveiro da palavra

CEIP Raquel Camacho

Nº 3

2008-09



O teu faro

EDITORIAL

Ola a todos e todas, por terceira vez as palabras do Viveiro voltan a xeremolar moi humildemente mais con moito cariño e satisfacción.

Os traballos presentados para a contribución deste novo número son de moito agradecemento pois ben sabemos que requiren o seu esforzo e dedicación.

Esperamos que aproveitedes os contidos e vós sexan de utilidade dado o carácter interactivo que pretende ter a revista.

Queremos dar as grazas as persoas da comunidade educativa que participaron no seu desenvolvemento e elaboración.

Para que no ano vindeiro poidamos ver outro novo traballo pedímosvos a vosa xenerosidade e participedes coas vosas ideas nun novo proxecto.

Sorte e saúde

SUMARIO

Fotos de educación infantil 4º E.I.
Galechisteando 6ºB E.I.
Visita á Marcelle
Pintor Archimboldo
Cómic: Os peixiños e as peixiñas
Conto: A luz do faro
Celebracións no curso 2008-09
Galechisteando 5ºB E.I.
Os habitantes do carballo
Parabéns á Torre de Hércules
Conto : Pinguíña
Os Bolechas na biblioteca
O nome dos dedos da man
Letras Galegas
Conto : Nubes e claros
Adiviñas
As estacións
Conto: O chupete máxico
Conto : Os dous xemelgos
Xogos tradicionais galegos
Contos 6ºA
Dereitos universais
Poesía : A Paz
O outono
Visita á axencia tributaria 6ªA
Visita á Nostián 6ºA
O espírito da Paz
Conto : O espantallo dos ricos
Parabéns en galego
Portadas das revistas editadas no curso 2008-09

MARCOS

ETHAN

CARLA

DIET

YANIRA

LIS

MATY

DAVID

NADIA

HELENA

SABELA

LARA

NICO

NEL

TONI

RUBÉN

NAYARA

FÁTIMA

4ºA EI

HUGO



NASLY



CARLOS



DIEGO



IKER



LIZANHE



ANA PAULA



AARÓN



INÉS



ASHLEY



ÁLVARO



IRIA



NATALIA



IRENE



FLOR



MATEDO



NEREA



ARIADNA



NICOLÁS

4ºB E.I.

CEIP RAQUEL CAMACHO




NIVEL 6º BEd. Inf.

Era un neno tan alto, tan alto
que no canto de tomar café con
leite tomábao con Deus.

¿Por que entran os cans nas
igrejas? Porque as portas están
abertas.

Sara e
Carlota



CEIP RAQUEL CAMACHO



NIVEL 6ºB Ed. Inf.


¿Cal é o colmo dun camelo?
Vivir toda a vida chepudo.



Cal é o colmo dun galo?

Que se lle poña a carne de
galiña







Sara
5 anos



Marcelle

En Marcelle vimos moitos animais


e pasámolo moi ben.



Oscar
5 años

Carlota

Marcelle



Carlota
5 años

En Marcelle pasámolo moi ben e vimos
moitos animais.

ARCHIMBOLDO




PRIMAVERA



VERÁN



OUTONO



INVERNO

Archimboldo foi un pintor italiano moi especial. Os seus cadros poden usarse para preparar temas do currículo usando métodos moi variados. En 1ºA traballamos as catro estacións do ano a partir da súa obra, xa que as pinta representándoas en catro caras que vai conseguindo usando plantas, froitos e hortalizas propias de cada época do ano. Foi moi divertido e aprendemos con facilidade.


ANDRÉS VEIRAS HERNÁNDEZ
1.º B

CONVIVIMOS EN PAZ


Jogamos sen pelexar.



Perdoamos cando discutimos.





Somos los compañeiros.





COMIC - HISTORIETAS

TITULO: Os peixiños e as peixiñas



AUTORAS: Elena e Sofia 1º A





Os peixiños e as peixiñas andan andan a nadar,



e danlle bicos aos nenos e as nenas que se van bañar ao mar,



nadan nadan as sardiñas nadan nadan os xurelos



nadan as nenas e os nenos todos/as xuntos/as sen ter medo

A LUZ DO FARO

Con dezaoitos anos veu á cidade por primeira vez. Chegou pola mañá cediño no coche de liña coa súa maleta de cartón e a súa pasaxe moi gardada no xustillo. Pasou todo o día sentada no peirao ao carón da maleta mirando aquela cidade de cristal. Pensaba no que deixaba atrás, unha aldeíña, sete irmáns, o pai e a tumba da mamá. Ante ela estaba o futuro, a procura dunha vida mellor, lonxe, moi lonxe, pero chea de ilusións. Pouco a pouco o peirao foise enchendo de xente, homes, mulleres, nenos, choros, apertas. Ela estaba soa. Non estaba ninguén para a despedir. Un dos seus irmáns acompañáaraa até a vila para coller o coche de liña. Alí abrazáronse longamente. Na mente dos dous latexaba a triste certeza de que era a última vez que se verían. María subiu ao barco. Se nese momento puidese voltar á súa aldea, aínda que só fose para velo todo por última vez..... O barco foi saíndo da baía, mentres oscurecía. Nunca voltou da América. Nos seus 102 anos de vida xamais esqueceu a luz daquel faro iluminando cos seus destellos, os seus ollos azuis arrasados polas bágoas.

Ano 1925

Relato baseado en feito real.

CDC

CELEBRACIÓNS NO CURSO 2008-09




DEREITOS HUMANOS



EXPOSICIÓIN SOBRE PRODUTOS DO MAR

EXPOSICIÓN DOS FAROS GALEGOS



ENTROIDO



COA ESCRITORA AO VIVO



A PAZ



TEATRO



MAGOSTO



CEIP RAQUEL CAMACHO



NIVEL E.I. 5º B

"Estaba Xaimiño un día na escola e a profesora díxolle: — Xaimiño dime as vogais.

— e, i, o, u

— Xaimiño ou me dis ben as vogais ou tírote pola ventá

E Xaimiño repetiu: — e, i, o, u.


Entón a profesora tirouno pola ventá e Xaimiño berrou: — ah!!!" (Lucía Ponte)

"Érase unha vez Xaimiño na clase. A profe díxolle: — Xaimiño hai que vir mañán disfrazado dalgun vexetal.

Xaimiño foi á escola cunha flor no cú, entón a profe preguntoulle: — De que ves disfrazado?

— De culiflor.

(Marta Valderrábano)



Debuxo: Julia Baran
Marta Taracido

TORRE DE HÉRCULES



PARABÉNS FARO DA CORUÑA

**COMO SABEDES A TORRE DE HÉRCULES FOI
ELEXIDA COMO**

**MONUMENTO PATRIMONIO DA HUMANIDADE,
EVENTO QUE NOS**

**ALEGROU MOITO NESTE CURSO NO QUE TODO O
COLEXIO TRABALLOU**

**EN DAR A COÑECER TODOS OS FAROS DE
GALICIA E COMO NON EN**

**RESALTAR A BELEZA E A HISTORIA DO NOSO
FARO QUE XA TODOS**

**SABEDES QUE SE ATOPA NA PUNTA DO CABO DE
PUNTA HERMINIA.**

**INVESTIGA EN DISTINTOS MEDIOS E VISITA O
NOSO FARO, O FARO DE TODA A HUMANIDADE.**

PINGUIÑA

Eu son Pinguña e vouvos contar a miña vida:

Nacín na montaña unha mañanciña de orballo. Un día de tormenta, arrastrada pola corrente, da montaña fun a parar ao río. Alí coñecín a Burbulla outras gotas de auga da que me fixen amiga, e paseando chegamos a unha cidade moi bonita chamada: A Coruña e todas queríamos ir para alí


De repente, sen saber por que empezamos a correr pasamos por un túnel que estaba moi escuro e tiñamos moito medo. Todas berrabamos e aínda aumentou o noso medo cando vimos que nos apretabamos unhas contra outras; era un tunel moi estreitiño, case non podíamos respirar. Despois souben que se chamaba tubería. Por fin, saímos moitas de golpe. Eu púxenme moi contenta, Alí coñecín a unha boa amiga. Metéronnos nunha botella, que no papeliño poñía: "Mondariz a mellor auga do mundo".

Cando nos puxeron na estantería nos estabamos moi felices, vendo todo o que pasaba ao noso arredor ata que veu unha moza moi alta e que nos alcanzou e nos meteu no cesto.

Cando chegou a casa meteunos nun sitio moi frío, empezamos a tiritar, pero o rato, acercounos a súa boca e de novo caemos por uns túneles donde nos ían dando voltas, voltas e voltas. Xa estabamos mareadas. Cada vez cheiraba peor.


Por fin pasaronnos por unhas máquinas donde nos ían limpando. Eu sentíame moi a gusto. Parecía que flotaba, como si tivera as. Empecei a subir, subir ata que me atopei no ceo. Que bonita se vía A Coruña dende arriba!. Só sentía pena de separarme da miña amiga, pero quen sabe se algún día nos voltaremos a ver?

Esta é a miña vida espero que vos gustase o meu ciclo vital



Laura Ponte Diaz - 4ºB

OS BOLECHAS NA BIBLIOTECA



Sempre estamos esperando a todos e todas vós para que veñades visitarnos á biblioteca do Centro e leades todas as nosas historias e curiosidades. Cada curso imos aumentando o noso repertorio e como sabedes soe ser moi interesante. Pedímosvos tamén que busquedes polas estanterías pois atópanse por aí moitas coleccións de moitos amigos nosos para todas as idades que seguro as leredes e aprenderedes moito. Non esquezades que nos podeades levar para as vosas aulas un tempo para lernos e traballar sobre moitos temas. Mais cando rematedes xa sabedes que tendes que devolvernollos á biblioteca porque alí nos esperan outros e outras lectoras.

LER É APRENDER

NOME DOS DEDOS DA MAN



Investiga de que outras
maneiras se poden chamar
tamén os dedos da man.

17 MAIO

DÍAS DAS LETRAS GALEGAS

Flor outorgada
A Gala



RAMÓN
PIÑEIRO

Ramón Piñeiro López foi o autor homenaxeado este ano no día das Letras Galegas. Destacou como ensaísta, tradutor e impulsor da normalización do galego nos anos difíciles da posguerra. As súas traducións supuxeron un fraso decisivo para considerar o galego como lingua con capacidade para expresar en todos os campos do saber e se deixase de velo como lingua rural ou poética. Era presidente do Consello da Cultura Galega e membro numerario da Real Academia Galega (R.A.G.).

NUBES E CLAROS

Cando saín esta mañá da casa o vento e a chuvia zoaban e golpeaban os cristais das miñas xanelas. Pareime na porta antes de saír. Non sabía cal escoller para que me acompañase. Decidinme polo meu preferido. Era o máis forte dos dous e sempre me protexería mellor. A media mañá, paramos nunha cafetaría a tomar un chocolate quentiño con churros. Ao sair, lucía o sol. Cando xa camiñara uns metros decateime que ía soa; quedara na cafetaría. Voltei a buscalo. Alí estaba esperándome, como sempre, fiel. Camiñabamos xuntos cara á casa, cando volveu caer un forte trebón acompañado dun vento tolo que nos fixo virar aos dous. Eu quedei enchoupada. El estaba desfeito, tirado no chan, non servía para nada. Levantei a tapa do contedor máis próximo e metino dentro. Seguí camiñando baixo a chuvia. Era o meu preferido. Pobre paraugas..

Abril 2008

Relato baseado nun feito real

CDC

Adiviñas Adiviñas Adiviñas

① De celda a celda vou
pero presa non estou.

② Chao, chao,
rabo «atizado».

③ Ía unha vaca de lado,
logo resultou pescado.

④ Sobre a vaca, o "o"
a que non o acentas, non.

⑤ Onde ninguén, sube, trefa;
o que ninguén come, trisco;
moi, pouco estou no val,
pois o meu son os riscos.

⑥ Non é cama, nin é león
desaparece en calqueira
rimcón

⑦ Adiviña, Adiviña xeira:
Non tem traxe, e si faltrigueira.

Nerea Rio S-B
Cristina Niguéns S-B

⑤ acaba
④ camaleón
③ o camuro

① (A Yella)
② (O adarén)
③ (O pallar)
④ (O barallón)

AS ESTACIÓNS

As estacións.

As estacións

No día da primavera
a alegría non espera.

Todo empeza a florecer
é tempo de amigos coñecer.

O sol no inverno entristece
a beleza e a cor
das flores e árbores desaparece.

O lindo do inverno é a neve.

As estacións cambian
a pasaxe tamén
catro son as estacións.
¡Que ben!

Cando o outono comeza
o frío vai asomando.

Das árbores caen follas
a maioría son marróns e algunhas vermellas.

O sol está fuentiño
imos veranear
todos de vacacións
entre a area e o mar.

PRIMAVERA

VERÁN

OUTONO

INVERNO

O CHUPETE MÁXICO

Hai moito tempo, nunha noite de inverno, un científico chamado Max, creou un chupete máxico.

Vivía nunha bota xigante que ía por toda o espazo. Sabía que moita xente quería o chupete para facer cousas malas con el, como roubar todos os caramelos do mundo, para que os nenos non quideran comelos.

Entón decidiu destruílo. Só podía facelo dunha maneira: meténdoo en auga salgada.

Había un único planeta que tiña esa auga, e era a Terra. Costoulle moito chegar ata ela porque a nave rompiu o cordón e non podía voar.

Despois de intentalo de mil formas diferentes, lembrou que tiña o chupete máxico. Meteo na boca e dándolle tres lambetadas e pensando en que se arrancara o cordón, ceseuse de forma máxica. Cando chegou á Terra foi directo ao mar e con tristeza meteu o chupete nel e destruíuse, pero tamén se desfizo o mal que se fixera con el.

Entón Max tivo que quedar na Terra porque a súa bota desfizera o cordón.

Os dous xemelgos

Os dous xemelgos

Un domingo pola noite naceron dous xemelgos. Un chamábase Tomás e a outra Dorinda.

Cando eran pequenos os separaron. Un vivía nunha grande cidade e outros nun pobo. A cidade tiña moitos rascacelos e edificios moi altos e alí vivía moita xente. No pobo era distinto: había casas de unha soa planta, había leiras, animais, bosques...

Cando cumpriron once anos por primeira vez víronse pero non sabían que eran irmáns. Os dous tiveron que ir ao médico quedáronse abrañados. Así se coñeceron e foron felices para sempre.

Cintia Santamaría García

XOGO TRADICIONAL GALEGO.

Nome do xogo: A mazá afogada.

Número de xogadores: Infinito.

Materiais necesarios:

- ☞ Un caldeiro cheo de auga por cada participante.
- ☞ Unha mazá por cada participante.

Regras do xogo:

Bótase unha mazá en cada caldeiro de auga, e despois tásase o tempo.

Unha vez acordado o tempo que se vai xogar, unha persoa cronometra e os participantes teñen que poñer as mans detrás do cu.

Colócase cada xogador axeonllado fronte ao seu caldeiro, e cando toca o pito comeza o xogo.

O que máis bocados lle dea a mazá no tempo marcado gaña. O que toca a mazá coas mans queda fóra do xogo.

DANIEL - 4º A.

XOGO TRADICIONAL GALEGO.

Nome do xogo: A rá.

Número de xogadores: Máis de dous.

Materiais necesarios:

- ☞ Unha caixa de madeira con 5 furados.
- ☞ 2 argolas.
- ☞ 1 moíño e 2 discos metálicos.
- ☞ 1 rá metálica grande coa boca moi aberta.

Regras do xogo:

É un xogo tradicional que consiste no lanzamento duns discos (pellos) dende unha distancia marcada (que oscila entre 2 ou 3 metros) a unha caixa con 5 furados, 2 argolas, 1 moíño e 1 rá, sendo o obxectivo do xogo introducir os discos metálicos na boca da rá ou por algúns dos outros furados da caixa.

En función de onde se metan os pellos haberá variacións na puntuación.

MELINA - 4º A.

XOGO TRADICIONAL GALEGO.

Nome do xogo: A pelexa de galos.

Número de xogadores: Mínimo dous.

Materiais necesarios:

☞ 1 tiza.

Regras do xogo:

- Debúxanse 2 círculos no chan.
- Para comezar a partida os xogadores deberán situarse dentro dos círculos.
- Agachados dentro deles, e apoiados soamente nas puntas dos pés, teñen que acadar que o contrincante perda o equilibrio, caia ou pise as liñas do círculo ou fóra deste.
- Os contrincantes só poden tratar de empurrar ó rival coas palmas das mans, pero sen tocar a súa cara.
- Cómpre dar continuamente pequenos saltos dentro do círculo, xa que deste xeito é máis doado non caer e manter o propio equilibrio.
- Perderá o xogo aquel que sexa derrubado, toque antes o chan coas mans ou poña toda a planta do pé na terra.

CLARA - 4º A.

XOGO TRADICIONAL GALEGO.

Nome do xogo: As chapas.

Número de xogadores: Máis de dous.

Materiais necesarios:

- ☞ Chapas.
- ☞ Escudos decorativos (se se quere).

Regras do xogo:

Debúxase no chan o percorrido que terán que seguir as chapas, dende a saída ata a meta.

As chapas móvense co dedo corazón, con pequenos golpes, e non poderán saír dos límites marcados.

O gañador é o que primeiro chega á meta.

Xógase por quendas.

SABÉLA - 4.º A.

A HERDANZA DE ANA

Hai algúns anos vivía en Albania unha moza chamada Ana. Non cría na maxia. Pero...

Cando morreu súa avoa púxose moi triste e moi, moi nerviosa; entón mirou fixamente a unha xerra que había encima da mesa e...bunnn!!! rompeu; ela preguntouse por que pasaría eso.

A súa avoa era maga e no momento en que morreu como non tiña nada que deixarlle pasoulle os seus poderes: facer maxia.

Ana a partir dese momento enterouse de que existía a maxia e empregouna para curar a todos os enfermos, sobre todo aos anciáns.

Melody Hernández Pisa, 6ªA

DRÁCULA EN CRISE

A Drácula tamén lle está afectando a actual crise, xa que lle embargaron o castelo por non pagar a hipoteca. E para facer fronte aos novos gastos decidiu buscar un traballo.

Un día viu un anuncio no xornal, no que se buscaba unha persoa para un spot publicitario e dirixiuse á empresa para ofrecerse para o emprego. Fixéronlle varias probas e a última consistía en meterse dentro dun cadaleito e ao mesmo tempo dicir: "Ataúdes Mercedes, os máis cómodos, desexarás morrer axiña para poder probalos".

Realizou tan ben esta proba que o admitiron e xa empezou a traballar ao día seguinte.

Iván Gil Pazos, 6ªA

Un neno raro

Un día chegou a un colexio un neno novo. A todos os compañeiros lles parecía un neno moi raro.

Un día foron de excursión e perdéronse, pero o neno novo que era moi listo axudounos a volver.

Desde ese día todos se fixeron amigos del; e cando chegaba un neno ou nena doutro país todos lle axudaban e non o deixaban só. Respectábanse uns aos outros, compartían, xogaban xuntos, non lles importaba nin a cor da súa pel, nin os seus costumes, nin a súa forma de falar. Só valoraban a amizade que para os nenos e nenas deste colexio era un símbolo de Paz.

Ana Belén Carreira Mahía, 6ªA

Unha castiña cuberta de púas

Érase unha vez unha castiña redonda e cuberta de púas, onde vivía unha castaña.

Un día a castaña quixo saír porque xa estaba cansada de estar encerrada. Pero por máis que empuxaba non era capaz de abrir a porta; así que empezou a berrar pedindo axuda:

—¡Socorro, abrideme a porta!

Un neno, chamado Martiño, que paseaba polo bosque oíu a súa chamada e a toda présa abaneou a árbore suavemente e abriuse a porta deixando libre á castaña.

O neno levouna para a súa casa e plantouna no xardín.

Pasados os anos, a castaña converteuse nun castiñeiro forte e frondoso.

Baixo a súa sombra toma o fresco Martiño durante os veráns e cando chega o outono come castañas cantas quere.

Claudia Castelo Lorenzo, 6ªA

Dereito a unha familia

Todos os nenos/as temos dereito ao amor, a ter unha familia, uns pais que nos coiden, un fogar...

Tamén a ir ao colexio, aprender para logo cando sexamos maiores poder defendernos e ter un bo emprego. Desgrazadamente hai nenos que non van á escola e teñen que traballar para comer.

Temos dereito a non ser discriminados ou maltratados pola nosa cor de pel ou polo noso aspecto físico. A camiñar pola rúa sen que ninguén se ría de nós ou nos insulte.

O máis importante é sentirse querido, porque ás veces non é necesario ter moitos xoguetes ou cousas caras para ser feliz, nin para ter amigos.

Yeniffer Viviana Barceló Fernández, 6ºA

A felicidade está en compartir

Todos os nenos/as teñen dereito a non ser maltratados. Tamén teñen dereito a un país que os eduque e que os protexa dos perigos que hai agora no mundo actual.

Que lles dean de comer, que os leven á escola. E que poidan ser atendidos nun hospital cando o precisen. E que non os poñan a traballar.

Nós, os nenos e nenas de España, agora podemos ir á escola, non nos falta a comida e dispoñemos de atención sanitaria.

Todos seríamos máis felices se todo iso que temos nós, fose compartido con outros nenos doutros países, que aínda non poden disfrutar de todos estes dereitos.

Ilai Barbazán Vázquez, 6ºA

A PAZ

*A paz é alegría,
A paz é simpatía,
A paz é perdón,
A paz é a palabra,
A paz é compañía,
A paz é convivencia.*

Por iso berramos:

¡Paz si!

¡Guerra, non!


Carolina Toledo Pedro, 6º A

Eu quero ser unha nena como as demais

A min gustaríame vivir sen medo de baixar á rúa sen que ninguén me mire con mala cara pola miña cor de pel, pola miña relixión ou porque proceda de Uruguai; eu quero só que me traten como o que son: unha nena. Eso é o que todos os nenos queren. Nós queremos ir ao colexio, ter o amor dunha familia, que nos curen anque só teñamos un pouco de gripe, que non teñamos que traballar por obrigación, que escoiten o que pensamos, ter un nome, comer cada día, non ser discriminados, nin maltrados. Os nenos tamén temos dereitos igual que os maiores. Pero o que máis odio, é que te chamen "negra" ou "china"; por exemplo, a meus irmáns todo o mundo os miraba mal. Cando querían facer amigos, a xente dicíalles aos seus fillos que non se xuntasen con negros, por iso hoxe celebramos este día, para que os nenos e nenas non sexan discriminados, nin maltratados por ser diferentes.

Carolina Toledo Pedro, 6º A

OUTONO



No outono

Érase un día de outono no país que nunca existiu. Había unha neniña que se chamaba Carla. Cando ía polo camiño de volta cara a casa encontrou unha cabaza. Esta parecía triste, entón a nena preguntoulle:

_¿Que che pasa cabaciña?

_Hai unha bruxa que quere matar aos meus amigos os figos e ás miñas amigas as castañas.

_¿Sabes a onde as levou?

_Si, sígueme.

Cando chegaron á casa da bruxa, viron que estaba preparando un feitizo e cando ía botar os figos e as castañas na ola, a nena berrou:

_¡Alto, aí!

Cando a bruxa ergueu a cabeza, as castañas e os figos aproveitaron para tirarlle o bebedizo pola cabeza.

A bruxa derreteuse coa calor e os figos quedaron libres.

Miguel Ángel Duque Hernández, 6ºA

O outono

O outono está entre o verán e o inverno. Non vai frío nin calor. A min o que máis me gusta do outono son as castañas. Os nenos e nenas levamos ao colexio cabazas, ourizos, follas, figos... e celebramos o magosto.

Os rapaces imos ao monte buscar castañas e tirámonos enriba das follas caídas.

Neste tempo as árbores están espidas porque lle caen as follas.

O campo ofrécenos moitas cores: amarelas, laranxas, marróns...

Ilai Barbazán Vázquez, 6ºA

O outono

O outono é a estación na que as follas empezan a cambiar de cor: amarelas, laranxas, marróns. É cando hai máis follas polo chan.

As árbores quedan espidas, os ourizos ábrense e as castañas saen. Podes meterte entre as follas como se fose unha piscina.

Mariam Fazeli Nogueira, 6ºA

O outono

O outono é unha estación na que teñen lugar moitos cambios despois de acabar o verán. Os días fanse máis curtos, o tempo é máis frío e as cores da natureza vólvense máis apagadas.


Caen as follas e as árbores aparecen espidas.

Os froitos típicos da época son as castañas, as cabazas, as abelás...

Podes disfrutar dunha festa chamada "magosto".

Iván Gil Pazos, 6ºA

VISITA Á AXENCIA TRIBUTARIA



Para poder disfrutar destes servizos é necesario que todos os cidadáns paguemos os nosos impostos.

SE EU FOSE PRESIDENTA DE...

Eu, presidenta do país: “Ingoland”, diríxome a todos os cidadáns e cidadás deste país para informarlles de como se van investir os cartos dos seus impostos.


Construiranse hospitais con robots que coiden dos enfermos as vinte e catro horas do día, xardíns con camiños especiais para sillas de rodas, os nenos e nenas, así como os discapacitados terán unha boa atención sanitaria e social, incrementaranse as pensións dos anciáns, tamén se construírán escolas, bibliotecas, polideportivos, centros de ocio...

E o diñeiro sobrante empregárase en enerxías renovables.

Pero sobre todo investirase en felicidade para que desaparezan as guerras deste planeta. Ao cabo do tempo teremos un país novo, moderno e solidario.

Reyes, Claudia, Mariam e Iván, 6º A

VISITA A NOSTIÁN



Este curso os alumnos de 6º visitamos a planta de tratamento de residuos urbanos de Nostián. Aquí explicáronnos todo o proceso.

O lixo tan pronto chega á planta é clasificado en dous grupos: materia orgánica (restos de alimentos) e materia inorgánica.

A materia orgánica é transformada en compost, unha especie de abono que pode ser utilizada en xardíns. Nesta transformación prodúcese un biogás que se emprega para xerar enerxía eléctrica.

A materia inorgánica divídese á súa vez en: pael-cartón, vidro e envases recuperables que serán enviados a diferentes empresas de transformación e os residuos que non se poden reciclar van a un depósito de rechazos. De aquí en diante estes últimos levaranos a Cerceda para ser incinerados.

Cada día chegan a esta planta unhas 500 toneladas de lixo. Os cidadáns podemos colaborar reducindo a produción deste lixo empregando o menor número posible de embases e reutilizando sempre que se poida; con iso axudaremos a consumir menos enerxía, a talar menos árbores e polo tanto estaremos coidando do medio ambiente.

Alumnos de 6º A

O ESPANTALLO DOS RICOS

Pedriño ergueuse cedo como todos os días. Súa nai espertouno e cun anaco de pan e os pés descalzos saíu cara á casa do señor amo. A el custáballe charmarlles así, pero o papá e mais a mamá rifábanlle se non o facía e así lle ensinaron a facelo desde pequerrecho. Como dicía a mamá debíanlles moito aos señores amos porque tiñan teito cuberto todas as noites e nunca lles faltaba que comer. Mais ao Pedriño parecíalle que isto non chegaba para pagar os traballos de sol a sol dos seus pais e desde había dous anos tamén os del. Cando chegou á casa grande foi directo á corte. Prendeu a corda aos cornos das seis vacas para levalas aos prados. Tiñan moito que pacer e debería estar con elas de volta antes de que o sol quentase no alto. No camiño cruzouse cun dos nenos de Caresma, que ía camiño da escola. Pedriño saúdouno pero pronto baixou a cabeza. Dáballe vergoña non ir á escola. A mestra que tiñan agora era unha moza nova, que a el lle parecía a muller máis bela que nunca antes vira. O mestre que marchou era un vello xeniudo que soltaba vareadas a decote, pero ela nunca lles puxo a man enriba, ao contrario, acariñábaos e, de cando en vez, leváballes algún garrido, ensináballes cancións e poemas. Cando collía a man do neno para guialo nas letras, el ficaba embobado. Nunca sentira unhas mans tan finas, tan brancas, tan suaves. Mais ía pouco á escola. O pai dicía que había cousas máis importantes que facer. Algunha vez que a mestra atopaba a súa nai dicíalle: "Mándelo más a la escuela, mujer, es un chico listo y puede estudiar". A nai, tamen avergoñada, baixaba a cabeza: "Máis adiante, cando veña o inverno..." Nestas cavilacións ía Pedriño falándolle e tornando as vacas do centeo dos señores, cando reparou no espantallo que colocaran no medio da leira. Ficou un anaco ollando cara a el. Seguiu camiñando. Parouse. Voltou atrás. Deixou as vaquiñas á beira do camiño e meteuse polo medio do centeo até chegar ao espantallo. Colleu o seu sombreiro e cambiouno polo do espantallo. Era moito mellor e máis novo que o seu.

Anos 40

Relato baseado nun feito real

CDC

PARABÉNS EN GALEGO

PARABÉNS PARA TI

NESTA DATA QUERIDA

MOITAS FELICIDADES



MOITOS ANOS DE VIDA.




**A revista quere felicitar a toda a comunidade educativa
no día en que celebre cada un,ø seu aniversario.**

Que sexades moi felices!

PORTADAS DAS REVISTAS EDITADAS NO CURSO



Citavo Certamiño Poético



C.E.I.P. Raquel Camacho

GALICHISZEANDO





